

INFORMACIÓN PARA OS PACIENTES PENDIENTES DE REALIZAR PROBAS CUTÁNEAS EN PRICK E PRICK-PRICK CON ALIMENTOS

As **probas cutáneas de alerxia** ou **prick test** son unhas probas que se fan sobre a pel, co obxecto de identificar a substancia que pode desencadear unha reacción alérxica no paciente. Para realizala, introdúceselle na pel unha cantidade ínfima do posible axente causante da alerxia. A esta substancia que desencadea unha alerxia chamámoslle **alérxeno**. Pero se estamos tomando algúns medicamentos, esas probas serán negativas e teremos “falsos negativos”; por este motivo, usamos controis (soro salino e histamina), para saber se lle podemos facer as probas ao paciente.

O PACIENTE QUE VAIA REALIZAR A PROBA NON PODERÁ TOMAR OS SEGUINTE MEDICAMENTOS:

- **ANTIISTAMÍNICOS** (Ebastel®, Polaramine®, Atarax®, Zyrtec®, Clarityne®, Alerlisin®, Optimin®, Triludan®, Mizolen®, Zolistran®, Civeran®, Virlix®, Velodan®, Mircol®, Telfast®, Rinoebastel®, Narine®, Aerius®, Xazal®, Loratadina®, Cetiricina®, Rupatadina®, Rupafin®, Azomyr®, Obalix®, Bilaxten® etc.) nos **ÚLTIMOS SETE DÍAS**.
- **ANTIDEPRESIVOS TRICÍCLICOS** (Tryptizol® etc.).
- Medicamentos **PARA O CATARRO** (Frenadol®, Desenfriol®, Couldina®, Rinofrenal®, etc.).
- Medicamentos **PARA O MAREO**.
- **CORTICOIDES TÓPICOS NA ZONA DA REALIZACIÓN das PROBAS** (cara anterior do antebrazo no *prick*).
- **ZASTEN®** (é un antihistamínico) hai que suspendelo 15 días antes.

PARA FACER PROBAS CUTÁNEAS CON ALIMENTOS EN **PRICK-PRICK**:

- **Se se trata de alimentos que se cociñan, como o marisco, pescados etc.**, traerá dúas pezas ou dous anacos, un CRU e outro COCIDO. Exemplo: gamba ou lagostino, anaco de nécora etc.
TEÑEN QUE SER **COCIDOS POR SEPARADO E TRAERANSE EN RECIPIENTES SEPARADOS**.
- **SE SE TRATA DE FROITAS, TRÁESE UN ANACO ou UNHA PEZA tal cal.**
- **Se son legumes, verduras etc.**, traerase un anaco, unha peza ou unha pequena cantidade crúa (no caso de lentella, garavanzo etc., poñeranse en auga desde o día anterior) e outra parte cocida. Exemplo: lentellas, unha pequena cantidade crúa e a outra cocida.
TEÑEN QUE SER **COCIDOS POR SEPARADO E TRAERANSE EN RECIPIENTES SEPARADOS**.

Para a realización do *prick-prick* necesitamos unha pequena cantidade do alimento, non máis grande ca o tamaño dunha noz.